


Imaxina que, unha mañá, estás ao aire libre e o sol brilla con forza. Apenas hai nubes. De súpeto, o ceo escurece e, rapidamente, faise de noite!

Acaba de ocorrer algo extraordinario: **unha eclipse de Sol**. Ao cabo duns poucos minutos, o astro reaparecerá e todo volverá ser como antes.

Mais que pasou? Durante uns momentos o Sol quedou oculto pola Lúa e deixou de iluminar unha zona do noso planeta: aquela en que te atopas.





**O Sol, a Terra e a Lúa aliñáronse
de tal xeito que a luz solar non chega
ao lugar onde ti estás.**

